

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 19 DE FEBREIRO DE 2019

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 12:05 horas do día 19 de febreiro de 2019, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 15 de febreiro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. Santos Héctor Rodríguez

Vocais: D^a. Susana García Álvarez
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda
D. Gilberto Moldes Crespo (asiste ao punto 6)
D^a. María José Loureiro Bada (asiste ao punto 1)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Incidencias

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a xestión das Escolas infantís municipais (EIMs) de Tomás Alonso e Bouzas (21.847-332)

Dáse conta do escrito presentado por CLECE, S.A. o 15 de febreiro de 2019 (documento nº 190022844) no que solicita a modificación do contrato; concretamente *"que se lle deberá recoñecer tanto no acto de adjudicación como no contrato a formalizar, o seu dereito a ser compensada nas diferencias económicas que xurdiron derivadas da publicación, de forma sobrevida e allea á vontade desta empresa, do RD 1462/2018, do 21 de decembro, modificando os termos do contrato no senso de incrementarse o prezo nun 3,41% para o lote I Tomás Alonso (8.498,28€/ano sen IVE) e 3,39% para o lote II Bouzas (8.354,53€/ano sen IVE), que equilibra as prestacións tal e como quedaron determinadas no momento de presentación da proposición, e que foron quebrantadas con ocasión da publicación do mencionado Real decreto"*.

6.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación e reestruturación do parque infantil da rúa Jenaro de la Fuente (11.543-446)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns do 14 de febreiro de 2019, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade.

Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con BRICANTEL ESPAÑA, S.L. por ter formulado unha oferta incursa en



presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 12:20 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:57	Páxina 2 de 2
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAB41-E2B5B1-BH2251-MR8KCJ-5DDFRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		